




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Golfo Ártabro. Sector: Rías de Ares e Betanzos. Concello: Miño. Parroquia: Santa María de Miño. Extensión: 1,16km²

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Trátase dun Sector acantilado, con praias ao pé e sectores con plataforma rochosa intermareal. As vertentes superiores, aplanadas, dan paso a vertentes de pendente notable, sobre todo cara ao sur da unidade.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Dominio da "Serie de Ordes", con materiais metamórficos xistos, de idade precámbrico-silúrica. Na esquina SE. e no sector centro-sur hai varias bandas de anfibolitas antehercínicas. O Cuaternario destaca polos depósitos intermareais.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Vertente costeira de clima homoxéneo pertencente ao dominio climático Cálido e Subhúmido. A temperatura media anual supera os 15°C e a amplitude térmica media é inferior a 12,5°C. As precipitacións rexistran valores entre 1000mm e 1200mm ao ano.

OS SOLOS

Fóra dos antrosos que introduce o núcleo urbano de Miño, a unidade desenvolve fundamentalmente un cambisol eútrico, agás na vertente entre Sambreu e Bemantes, onde aparece un umbrisol dístrico.

AS AUGAS

Unidade que verte á masa de Augas Costeiras da Ría de Ares e Betanzos (20096). A vertente costeira ten escasa prolongación continental e fórmana pequenas valgas sen rede fluvial significativa.

O PATRIMONIO NATURAL

Trátase dunha unidade mixta con cantís e praias intermareais ao pé. Destacan así os hábitats 1230 de cantís atlánticos e 1210, Vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados, que se desenvolve neses intermareais rochosos ou areosos. Desde a parte central do Praia de Sumiño cara ao sur, a franxa máis costeira está protexida polo LIC Betanzos-Mandoe. A densa urbanización explica a falta de espazos de ladeira con interese ecolóxico.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

O uso principal da unidade é o relacionado coa presenza do núcleo urbano de Miño, residencial e de servizos basicamente. O tradicional mosaico de cultivos, en terrazas na ladeira en sentido perpendicular á liña de costa, desapareceu case por completo a favor da expansión deste núcleo urbano, desenvolvéndose as actividades agrarias nas zonas máis afastadas da costa. O uso forestal figura reducido a certas masas arbóreas de repoboación a ambas as marxes da autoestrada, mentres que pequenas masas de vexetación costeira aínda se manteñen en Monte Piñeiro ou en Castro de Loios. A fronte litoral alterna usos recreativos e turísticos das praias e o porto deportivo co do marisqueo que se realiza nas devanditas praias e a chaira intermareal.

MORFOLOXÍA

Tradicionalmente o territorio organizouse ao redor de tres núcleos de poboación: Sambreu, O Castro, incluído dentro da categoría de Núcleo de identidade do litoral e Miño. Poboacións compactas e pequenas, vinculadas a unha área de cultivo circundante e conectadas por unha rede de camiños tradicionais. O crecemento de Miño, o núcleo principal, ao longo da N-651 e pola AC-160 até o Porto de Miño, orixinou unha continuidade urbana sen un espazo central aparente e cun uso intensivo do solo nas marxes da estrada. A estrutura parcelaria actual, en consecuencia, apóiase nas anteriores áreas de cultivo, camiños e peches tradicionais, cos condicionantes que iso implica para a estrutura urbana.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A estrada N-651, que une Betanzos e Fene polo litoral, condicionou a estrutura da paisaxe, que atravesa de norte a sur. Cun trazado sensiblemente adaptado ás características do terreo, evita as zonas de maior pendente, e pasa en certos tramos a tan só 100 metros da costa. O resto da rede viaria apoiouse nos camiños tradicionais (fóra da vía que une Sambreu-Miño-Porto de Miño, hoxe cofecida como AC-160) até a inauguración, en 1998, da AP-9 (Ferrol-Vigo). Esta supón unha barreira no territorio que rompe a continuidade espacial e funcional entre a zona litoral e as terras de cultivo vinculadas ao núcleo de Sambreu, a zona máis elevada e afastada do mar, figurando conectadas cun paso rodado e dous peonís. O ferrocarril atravesa a unidade case en paralelo á N-651 na maior parte do trazado pegado á costa. Por outra banda figura o porto de Miño, de carácter pesqueiro e deportivo.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Os restos arqueolóxicos do Castro de Loios ou o depósito romano do Porto de Miño supoñen os maiores valores arqueolóxicos desta unidade. Varias capelas menores repártense nos diferentes núcleos deste territorio, destacando a igrexa parroquial de Santa María en Miño, a Capela do Corazón de Xesús en Ringeira ou a Capela de San Xoán de Area, en Sambreu. O Camiño Inglés a Santiago percorre esta paisaxe entrando desde a marisma de Baxoi, onde hai un albergue de peregrinos. Atravesa o núcleo urbano de Miño, para continuar en paralelo á costa até a praia da Alameda, límite meridional desta unidade. En canto a tradicións, o 31 de agosto, día de San Ramón, celébrase no lugar de Bra, en Sambreu a tradicional romaría na honra do Santo. O acto máis popular desta festa é a "posta do Santo" na que cada ano un veciño será encargado de recitar a ladaíña tradicional deste acto, que de forma oral é transmitida de pais a fillos.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

A unidade caracterízase polo desenvolvemento urbano de Miño e o paso de infraestruturas de comunicación de escala territorial. A configuración do relevo forma unha ladeira de pendente suave que cae a poñente, con só dúas pequenas elevacións próximas á costa, Monte Piñeiro e Castro de Loios (40 metros sobre o nivel do mar). Entre a cota 20 e a 50 concéntrase a maior parte do desenvolvemento urbano, apoiado nas infraestruturas de transporte (ferrocarril e estrada) que atravesan a unidade de norte a sur. Con todo, na parte oriental, na zona máis elevada, consérvase aínda o modelo tradicional de organización da paisaxe, cun núcleo compacto rodeado de terras de cultivo que se adaptan ao terreo coa construción de terrazas.

DINÁMICA DA PAISAXE

Na fronte litoral, entre a liña de costa e a N-651 e ao longo da vía AC-160, o carácter agrícola foi substituído polo desenvolvemento urbanístico do núcleo urbano de Miño, propiciado polo aproveitamento turístico dos seus recursos litorais, e condicionado na súa forma pola estrutura tradicional de camiños, muros, parcelario. A parte oriental, en cambio, conserva practicamente intacta a súa organización tradicional, aínda que viu reducida a superficie de cultivo ao redor do núcleo de Sombreu (que se mantén practicamente inalterado) debido a actuacións de repoboación forestal. A autoestrada AP-9 separa ambas as dinámicas.


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

O núcleo urbano de Miño desenvolveuse nun enclave litoral con formacións de elevado valor xeomorfolóxico e ecolóxico, como son a Marisma de Baxoi (Espazo de Interese Xeomorfolóxico), as praias de Area Grande e da Ribera-Sumiño, ou, no sur, o Esteiro do Lambre, incluído no LIC e ZEPVN Betanzos-Mandeo. Ademais figura enmarcado por dous fitos topográficos singulares, o Monte Piñeiro e a península de Loios, na que figuran ademais elementos do patrimonio arqueolóxico como o Castro de Loios. As relacións visuais da unidade veñen marcadas pola presenza das infraestruturas e os fitos anteriores, con interesantes conexións entre a zona do litoral, a parte máis alta da unidade (Sombreu) e elevacións puntuais como o Castro de Loios. Destaca positivamente ademais, a preservación das áreas de cultivo tradicionais da área oriental.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



